

FESTA do VIÑO VI TINTAFEMIA



4, 5 e 6 de Xullo do 2.003

Santa Maria de Cela



Saúdo

O primeiro presentarnos xa que somos unha nova corporación veciñal, pero que nos propoñemos seguir coas mesmas forzas e ilusións como ata agora se veu facendo, e sempre coa vista posta no futuro. Por iso queremos que nesta “*VI Festa do Viño Tintafemia*” todo estea a gusto de todos, e polo menos que nos salga, senón mellor, igual de ben ca eses anos.

Desde estas letras queremos agradecer a todos aqueles, tanto cosecheiros como bebedores, parroquianos e forasteiros, que coa súa colaboración fan posible que esta festa siga adiante. A todos eles, moitas gracias, gracias por ese barriliño de viño e gracias pola súa presenza.

Mencionar tamén as firmas expostas tanto comerciais como industriais, que fan posible a publicación deste pequeno libro, a todos eles un agradecemento especial.

O noso interés non é outro que todos disfruten desta festa con alegría e por suposto cunha boa compañía, bebendo un bo carolino de viño Tintafemia e disfrutando dunha degustación colectiva que a todos nos senta moi ben.

Esperamos que todo sexa do seu agrado e desde esta organización a todos:

Boas Festas e moitas gracias

A.A.V.V. STA MARIA DE CELA



Comité Organizador

José Manuel Rodríguez

Celestino Piñeiro

José María Leal

José De La Torre

Patricia Campos

Agustín Jorge

Francisco Otero

José Loira

José Manuel Jorge

Consuelo Durán

Ramona Couso

Francisco Portas

Manuel Rivas

José Castro

Inés Freire

Dolores Durán

Carmen Meira

Alejandro Aguete

Manuel Loira

Cosecheiros Participantes

- 1 JOSE CURRAS
- 2 BENITO CERVIÑO PASTORIZA
- 3 MANUEL POUSADA MOLDES
- 4 AGUSTIN ENTENZA SANTOME
- 5 JULIO RIOBO
- 6 JOSE CURRA
- 7 BENITO FAZANES
- 8 MANUEL LOIRA
- 9 MANUEL ESTEVEZ FREIRE
- 10 MANUEL LEAL GARCIA
- 11 RUPERTO SOUTO
- 12 MANUEL FAZANES
- 13 CAMILO DURAN PASTORIZA
- 14 AGUSTIN ENTENZA PASTORIZA
- 15 AGUSTIN CERQUEIRO
- 16 MANOLO DE CARBALLO
- 17 MANUEL FAZANES FREIRE
- 18 TOMAS COSTAS
- 19 MANUEL ROSALES FANDIÑO
- 20 MARCIAL LORENZO
- 21 AGUSTIN NOVO LOBEIRA
- 22 JOSE FAZANES
- 23 BENITO ESTEVEZ GARCIA
- 24 BENITO ESTEVEZ LOBEIRA
- 25 MANUEL GARCIA FREIRE
- 26 FERNANDO MASSO BOLIBAR
- 27 PURIFICACION FREIRE GARCIA
- 28 JOSE AVE DIZ



Día 4 de Xullo

**Ás 18:00 h. apertura da festa
a cargo do xornalista
*SANTIAGO DAVILA***

**Ás 20: 00 h. actuación da
Banda de Gaitas “MAZAROCA”
do Hío**

**Ás 23:00 h. actuación de
“XARANGALLO MANGALLO”
de Marín**



Día 5 de Xullo

Ás 12:15 h. actuación da
*“BANDA DE MÚSICA
ARTÍSTICA DE BUEU”*

Ás 13: 00 h. Recepción de
Autoridades


Ás 20:00 h. actuación do
Grupo de Gaitas
“RETROUSO”
de Cela



Día 6 de Xullo

Ás 12:00 h. actuación da
Banda de Gaitas
“AIRIÑOS DE
SAN XULIÁN”
de Marín

Ás 12: 30 h. homenaxe
os *Cosecheiros*
participantes



Neste apartado do libro a Asociación de Veciños de Santa María de Cela quixo resaltar e dar importancia ós que fan posible esta festa: os cosecheiros. Para iso fixéronse unha serie de entrevistas a algúns deles, sobre todo ós máis antigos e tamén algún que outro máis moderno, preguntándolle sobre a súa forma particular de facer o viño.

Aínda que aquí non expoñemos todos, queremos agradecer a colaboración de Manuel Graña Martínez, Benito Estévez, Manuel Cerviño Pastoriza, Benito Cerviño Pastoriza, Agustín Cerqueiro Gallego, Manuel García García e Manuel Estévez Freire.

MANUEL GRAÑA MARTÍNEZ

Manuel é un veciño da parroquia de Cela de 70 anos de idade que ten as súas raíces nunha familia de cosecheiros, e a pesar de que durante moitos anos el tamén o foi agora delega ese traballo na súa filla e no seu xenro.

A súa familia vivía do viño que cosechaban, xa que non só vendían para xente da parroquia de Cela senón tamén para outros lugares do arredor. Vendían tanto as uvas como o viño xa feito en barriles ou embotellado.

Nos realizámoslle unha serie de preguntas que el contestou amablemente.


¿Cando embotella?

Sobre o mes de agosto e fixándome na Lúa.

¿Cantas pipas de viño se collen nesta casa?

Este ano foi un mal ano e só se colleron 3 pipas pequenas, para beber a familia. Pero antes, cando se traballan todas as viñas temos collido hasta doce pipas de trece canados cada unha, que son 26 baldes de 18 litros cada balde.

(Para os que non entendemos de canados e baldes: cada pipa leva 472 litros de viño).



¿Cando proba o viño?

Non hai un dia especial para probar o viño, cada un o proba cando quere. Eu, por exemplo, próboo no mes de novembro. Iso si, sempre acompañado dun bo xamón serrano, nozes, pan de millo ou calquer cousa que teña a man, pero como non, cunha boa compañía.

BENITO ESTÉVEZ

En toda a parroquia de Cela é coñecido como Benito de Cuña; ten 68 anos e tanto os seus pais como os seus avós foron cosecheiros e el segue coa tradición aínda que sexa dunha maneira un pouco máis moderna.


Para podar, Benito ten un refrán “Desde San Vicente, nin menguante nin crecente”. Non se fixa nas Lúas pero, iso si, para podar leva sempre a algúns amigos que lle axudan.

El dá, o igual que Manuel, de sete a oito mans de sulfato.



¿Cómo ata as viñas?

Cunha máquina que se usa para iso, non utilizo as tradicionais vimbias que dan moito máis traballo.



Tamén dispoño dun aparato que, pinchándoo unha uva, me indica os graos de alcohol que ten esa uva e así sei cando teño que vendimar. A uva do Tintafemia está boa para vendimar cando ten entre 8 ou 9 graos de alcohol.

Tamén cando vendimo, na propia finca, escollo a uva e así a uva boa vai para un barril e a corrente para outro.

Despois de vendimar teño outra máquina que separa a uva do “cangallo” ou rabo e así fago o viño coa una soa.

Esa uva déixoa que ferva, pero o tempo que vaia estar fervendo non depende das Lúas, senón que cambio a uva para outro baril cando vexa que quere parar de ferver.

Canto máis tempo ferva o viño é verdade que dá máis aguardente, pero tamén o viño perde o máis o alcohol e a sua dulzura e queda máis ácido.

¿Cando trasega o viño?

Eu trasego o viño no mes de marzo e cambio para barrís de aceiro porque estes teñen unha tapa que, a medida que o viño se vai sacando do barril, se pode ir baixando e así o barril sempre queda cheo, e sen aire. A estes barrís chamánlle “*barrís de sempre cheos*”.

A parte, estes barrís teñen outra ventaxa, que se poden utilizar nun ano para un tipo de viño, por exemplo, albariño, e para o ano seguinte para outro, como por exemplo o Tintafemia, debido a que son fáciles de lavar e non lle quedan restos nin sabor do ou-

tro viño. Isto non pasaba cos barrís tradicionais, os de madeira, que se un barril era para o viño tinto tiña que ser de tinto para sempre.

¿Para embotellar en que se fixa?

Principalmente fíxome que a Lúa estea en menguante, pero tamén cando eu vexa que está un día claro, bo, e que a min me apeteza embotellar.



Para embotellar, sobre todo o viño branco, utilizo unha máquina de filtrar cun funcionamento moi simple: o viño pasa por esta máquina e toda a porquería queda nos filtros, por iso ese viño queda totalmente limpo, preparado para aguantar durante moito tempo na adega, e nunca vai ter pouso.



¿Canto viño colle?

Este ano collín sobre dez pipas de 500 litros cada unha, pero hai anos de coller máis, xa que este ano non foi moi bo.

¿Cando proba o viño?

Eu proba o viño cando ando con el e xa sei se vai ser bo ou malo. Gústame probalo só. sen nada que o acompañe.


MANUEL ESTÉVEZ FREIRE

Manuel e coñecido polos veciños tamén como Manolo da Candiña. Manolo é o Presidente da *“Asociación de Viticultores San Martín de Bueu”*. Explicounos un pouco para que foi creada esta asociación e que técnicas posúen para a recolleita do viño.

Esta asociación foi creada en xullo do 2000 e conta actualmente con 98 socios. A finalidade principal pola que foi creada é para tratar de introducir o Tintafemia nas variedades comerciais e, despois, tratar que a zona do Morrazo entrase na denominación do viño.

Comentounos que moitos socios estanse empezando a modernizar e están a introducir barrís ou cubas de aceiro, máquinas despalilladoras e extrugadoras, lagaretas hidráulicas (moi sencillas e non hay que facer ningún esforzo), máquinas para filtrar o viño... E. aínda

que moitos socios son reacios, cada vez faise máis necesario a actuación dun químico (un especialista na materia) para que analice e trate o viño.




O tratamento do viño que aconsellan é: por tratamento de inverno, unha man de sulfato de cobre con bastante dosis “forte”; despois da gomada, unha man de sofre; cando xa estea a viña poblada, como moito catro mans de sulfatos sistémicos; e despois, ata o mes de agosto pasarse ó cobre.

Para que as uvas cuajen ben, poden utilizar “correctores de corrimento da flor” dúas ou tres semanas antes da floración. E para a maduración máis uniforme da uva tamén se poden utilizar “abonos foliares”.

O tratamento da botritis (poche da uva) depende do tamaño da uva: a primeira man dáse lle cando a uva teña o tamaño dunha hervilla e a segunda entre vinte ou trinta días antes da vendimia.

Os membros desta asociación teñen a posibilidade de participar en numerosos cursos e charlas, obteñene produtos máis baratos e un continuo asesoramento por parte dun Inxeñeiro Técnico Agrícola.



*Entrevista realizada por:
Patricia Campos e Moncha Couso*



desde cela

Barreiro.

DIDIO RIOBÓ

O DERRADEIRO PROPIETARIO DA ILLA DE ONS

*“O pobo que non lembra a súa historia
está condenado á desaparición”*

A XEITO DE LIMIAR E XUSTIFICACIÓN

Para as xentes do Morrazo, mesmo de toda Galicia, a Illa de Ons non necesita ser presentada. O gardián da ría que nos tempos difíciles desenvolveu perfectamente o seu papel de barreira natural na loita contra a adversidade é hoxe en día uns dos puntos de referencia dentro do Parque Natural das Illas Atlánticas. Foron moitos os que durante a súa historia puxeron os pés nela, ben sexa como poboadores ben sexa como simples turistas. Pero son moi poucos os que coñecen a súa historia. Eu tiven a sorte de coñecer a dous dos descendentes directos do derradeiro propietario da Illa antes de ser expropiada pola administración para uso dos militares como aconteceu coa súa irmá a Illa de Tambo.

Sendo eu concelleiro de Cultura do Concello de Bueu atopábame na Casa do Concello un día do mes de agosto de hai algúns anos cando entrou pola porta unha muller xa entrada en anos acompañada do seu fillo preguntando polo Señor Alcalde. Cando se dirixiron a min, e para a miña sorpresa presentáronse como a sobriña e o sobriño neto do derradeiro propietario da Illa de Ons, Lola Riobó e Jorge Quadros. Esta presentación supuxo unha sorpresa para min, que coma moitos descoñecía a existencia de propietarios do arquipélago que non fosen o Marqués de Valladares e o propio Estado. A miña curiosidade fixo que ese verán tivese certa relación con Jorge e que el me falase do seu tío avó Didio Riobó que coma min era tamén de Cela.

Meses despois, do Instituto, pediron colaboración dentro da III Semana J. Carballeira e eu propúxenlles que desen a coñecer a figura de Didio e para iso me puxen en contacto co seu sobriño neto coa finalidade de que se achegase a Bueu e lles falase aos rapaces del. Como Jorge non puido vir, envioume da súa propia man a historia do seu tío Didio. Así

pois eu son simplemente o encargado de dar a coñecer entre os seus paisanos a historia deste home e os feitos que a súa familia me trasmitiu, non é meu o mérito do que de seguido ides ler, non foi o meu maxín o que pariu todo isto, é a realidade que Lola, sobriña e nai de Jorge coñeceu ou lle foi transmitida.

O DERRADEIRO PROPIETARIO DA ILLA DE ONS

Aínda que coñeceron, e que lembran como el, que era un home honrado e xeneroso foi vítima da intolerancia, é o momento de dálo a coñecer a moita xente que non sabe da súa existencia. O seu nome era Didio Riobó e cos seus sobriños el foi o derradeiro propietario da Illa de Ons.

MANUEL RIOBÓ GUIMERÁNS

No derradeiro cuarto do século XIX, non era nada habitual que unha persoa nacida nunha pequena parroquia como Cela chegase a converterse en médico de sona. Para elo, a máis das posibilidades materiais necesarias tiña que posuir unha capacidade intelectual importante. Manuel Riobó Guimeráns posuía, dotado dunha intelixencia para continuar a súa formación en Compostela.

Pero ata producirse a súa marcha a capital de Galicia, a súa nenez transcorreu na nosa parroquia. Puido mergullarse na nosa natureza, lonxe do estrago que o progreso lle foi imprimindo. Daquela as rías galegas estaban moito menos castigadas pola contaminación industrial e urbana e non tiña a nosa parroquia sementada de asfalato e formigón os seus carreiros e corredoiras. Manuel, debrozado no muro que acouta o noso templo románico, seguramente observaba o arquipélago ó tempo que medraba nel o soño de achegarse á Illa, pero nunca soñaría con posuíla, con ser o seu propietario. Iso estaba aínda moi lonxe e resultaba impensable no seu maxín de neno.

Manuel Riobó, co seu título de médico e despois de exercer como tal na súa terra, foi enviado a Filipinas, cando era aínda unha colonia española. Chegou aló pola necesidade do goberno de cubrir certas carencias profesionais no arquipélago mediante o traslado de profesionais de sona. Daquela xa estaba casado con Dolores Bustelo e era pai de catro fillos, Afonso, Didio, Sofía e Elixio.

Foron moitos os anos que pasou tan lonxe exercendo a súa profesión, acadando moita sona e recoñecemento entre o pobo e os gobernantes e facendo negocios con outros españois. A comezos do século XX, a morriña encheu o seu corazón e como lle acontece a moitos emigrantes decidiu que xa era o momento de voltar. Deixando parte da familia en Asia e acompañado de Sofía e Didio decidiu regresar. Dúas eran as súas teimas no retorno: seguir exercendo a medicina e investir os cartos que tiña gañado fóra na súa terra.

Unha das inversións que realizou supoñía facer realidade un vello soño, así en 1918 mercou a Illa de Ons a partes iguais con Marcial Bernadal ó seu propietario que era o Marqués de Valadares. Para os novos propietarios, a illa proporcionaba un conxunto de actividades: a pesca en xeral e a do polbo en particular, a explotación agropecuaria e a administración dos alugueiros. Antes destas datas, pouco antes de voltar de Filipinas, xa tiña gañado por oposición o nomeamento de Forense de Vigo (o primeiro da cidade) que compatibilizaba con outras actividades e co de médico en Bueu. Acadou moita sona na comarca pola súa entrega e adicación ás xentes de Bueu e da Illa, ós que atendía en moitos casos de balde.

No ano 21 decidiu mercar a parte do seu socio Marcial Bernadal e para elo fixo que o seu fillo Afonso liquidase tódolos seus bens e negocios en Filipinas e que a familia regresase a Galicia. Afonso cumpriu o ordenado e regresou a Galicia coa familia entre a que se atopaba Dolores, a súa primeira filla e neta de Manuel. Ela é a única testemuña viva dos feitos que aquí se relatan e á única que pode avalar esta historia.

Deste xeito a Illa pasou a ser propiedade da familia Riobó, isto supuxo renunciar a tódolos negocios de fóra. O arquipélago supoñía un ben material incalculable e ese feito ía facer da súa historia unha das moitas inxustizas que se teñen cometido. Co paso do tempo Manuel, aínda en plena vitalidade pero nun acto de responsabilidade e consciente de que a súa idade lle impedía atender a todas as súas obrigas decidiu delegar parte delas no seu fillo Didio, un dos personaxes máis sobranceiros desta historia. Didio Riobó Bustelo fíxose cargo da administración da Illa, actividade que, por mor da súa personalidade, lle ía dar máis dun problema.

DIDIO RIOBÓ

Didio era desa caste de persoa que pola súa personalidade, as súas inclinacións políticas e sociais, a súa xenerosidade, o seu carácter humanitario, estaba moi lonxe do prototipo de *cacique*. Malia o poder económico que proporcionaba ser o propietario do arquipélago, e a dependencia que del tiñan os colonos, traballadores, etc, a súa actitude estaba moi lonxe do que todos podían agardar. Foi precisamente a súa personalidade e sobre todo a súa actitude que lle supuxo un grave perxuízo por ámbolos dous sectores da sociedade. Entre os da súa clase social era aceptado pero con desconfianza, porque se amosaba moi discordante coas ideas xerais, e supoñía cando menos un perigo. E parte dalgúns alugueiros da Illa foi vítima de abusos pola súa permisividade na falta de pago dos alugamentos (que daquela adoitaban ser en especies). Nesta situación a illa, que supoñía unha fonte importante de gastos e contribucións, nunca chegou a dar beneficios importantes, máis ben foi comendo o resto do patrimonio familiar.

No ano 1930 prodúcese o falecemento de Manuel Riobó. Un dos persoeiros máis sobranceiros que deu a nosa parroquia, pero tamén unha figura marcada pola potencialidade necesaria para o éxito pero que viviu os seus derradeiros anos moi condicionado pola gradual desaparición

seus seres máis queridos, A súa muller Dolores Bustelo morreu con pouco máis de trinta anos, deixándoo con catro fillos; Afonso dunha afección pulmonar cando non chegara ós trinta e seis; Sofia con vintecinco e dun desgraciado accidente; Elixio que pasou os seus derradeiros anos na Illa, morreu de enfermidade tamén antes que seu pai. Malia tanta desgracia a Fortuna liberouno de ter que vivir a tráxica morte do seu fillo Didio.

Didio, trala morte de seu pai, continuou coa súa conducta social. Estaba moi a miudo entre mariñeiros e traballadores, moito máis que entre os da súa clase. Era un dos primeiros en ofrecer a súa axuda a quen estivese necesitado, non só adiaba argumentos senón que incluso lle prestaba cartos a quen os necesitase. Naquelas datas comezou a axitación social. A República a parte de ser vítima dos seus propios erros, foi acosada por certos poderes que non soportaban o estado dereito. O deterioro social medrou e os grupos máis radicais aproveitaron a situación. Tódolos elementos históricos (aparición do fascismo, agresións o clero, etc...) tamén se deron na comarca e comenzaron as sospeitas e as vinganzas cara certas persoas.

Pola súa actitude e forma de ser Didio Riobó estaba entre os marcados. De pouco ían servir a falta de antecedentes violentos, a súa honradez e humanidade mesmo a súa relixiosidade. Chegou o inevitable: o golpe de estado. Malia desenvolverse moi rápido os feitos en Galicia as pegadas que quedaron na comarca e no propio concello da guerra están presentes, mortos na fronte da batalla, pasados, asasinados, encarcerados...

Didio, malia a situación que estaba a vivir seguiu inclinando as súas simpatías e solidariedade cara o bando republicano. Utilizou os seus contactos para salvar do cárcere e da morte a tódolos que puido. A súa situación era moi comprometida porque poñía en perigo a súa propia vida.

seus seres máis queridos, A súa muller Dolores Bustelo morreu con pouco máis de trinta anos, deixándoo con catro fillos; Afonso dunha afección pulmonar cando non chegara ós trinta e seis; Sofía con vintecinco e dun desgraciado accidente; Elixio que pasou os seus derradeiros anos na Illa, morreu de enfermidade tamén antes que seu pai. Malia tanta desgracia a Fortuna liberouno de ter que vivir a tráxica morte do seu fillo Didio.

Didio, trala morte de seu pai, continuou coa súa conducta social. Estaba moi a miúdo entre mariñeiros e traballadores, moito máis que entre os da súa clase. Era un dos primeiros en ofrecer a súa axuda a quen estivese necesitado, non só adiaba argumentos senón que incluso lle prestaba cartos a quen os necesitase. Naquelas datas comezou a axitación social. A República a parte de ser vítima dos seus propios erros, foi acosada por certos poderes que non soportaban o estado dereito. O deterioro social medrou e os grupos máis radicais aproveitaron a situación. Tódolos elementos históricos (aparición do fascismo, agresións o clero, etc...) tamén se deron na comarca e comenzaron as sospeitas e as vinganzas cara certas persoas.

Pola súa actitude e forma de ser Didio Riobó estaba entre os marcados. De pouco ían servir a falta de antecedentes violentos, a súa honradez e humanidade mesmo a súa relixiosidade. Chegou o inevitable: o golpe de estado. Malia desenvolverse moi rápido os feitos en Galicia as pegadas que quedaron na comarca e no propio concello da guerra están presentes, mortos na fronte da batalla, paseados, asasinados, encarcerados...

Didio, malia a situación que estaba a vivir seguiu inclinando as súas simpatías e solidaridade cara o bando republicano. Utilizou os seus contactos para salvar do cárcere e da morte a tódolos que puido. A súa situación era moi comprometida porque poñía en perigo a súa propia vida.

Un serán de agosto do ano 36, cando estaba na súa casa de Montero Ríos, un grupo de fuxidos chamou á súa porta, tres homes coa visión da morte nos seus ollos pedíronlle axuda, axudalos supoñía un suicidio porque era casi imposible non ser vistos. Malia a situación Didio non dubidou e decidiu axudalos, fíxoos entrar e axudoulles a escapar polo camiño da servidume que había por detrás da casa.

Mentres eles fuxían alguén chamou á porta. Eran varios gardas que foran informados por un veciño do que acontecera. Didio entretívoos canto puido para que os fuxidos puidesen gañar tempo. Moi posiblemente estes homes salvaran a súa vida pero a de Didio estaba seriamente comprometida. Polo momento o seu carisma fíxo que os gardas non estivesen xusto naquel intre, e evitaron así o escándalo que se podía producir. Pero a súa sentenza de morte estaba asinada xa, era cuestión de tempo.

A morte de Didio Riobó produciuse en setembro de 1936 na propia Illa. Os datos oficiais din que se suicidou. Certamente, a súa criada Carme atopouno unha mañanciña colgado dunha das traves do almacén que posuía na súa casa, e tamén varias notas de despedida. Existe, en todo caso, unha morea de dúbidas sobre o acontecido. Diante da situación que se estaba facendo cada vez máis insoportable, Didio preparara un barco para saír do país e a familia supoñía que o ía facer esa mesma noite. Nesas circunstancias, ¿que lle fixo cambiar de opinión e rematar pendurado dunha trabe?, ¿puido ser tan forte o desexo de non deixar a súa terra, ou o desexo de defraudar ós que querían castigalo para quitarse a vida?, ¿onde estaban os seus amigos no momento da persecución que estaba sufrindo?

Mesmo se é certo que se suicidou, calquera que foraqn as razóns do seu acto estiveron marcadas, sen dúbida, polos acontecementos. Foi un dos máis dun millón de mortos que xamais pegaron un tiro nin levaron a cabo acto subversivo.

Despois da súa desaparición, a familia esmoreceu economicamente, Didio non tivo fillos, pero quedaban os seus sobriños. Estes e os seus ben quedaron baixo a tutela e administración dun coñecido industrial catalán chegado a Bueu a principios de século e que supostamente era amigo de Didio. Os negocios paralizáronse, e para sobrevivir houbo que vender inha por unha as escasas propiedades que quedaban.

A derradeira, a Illa de Ons, e quizais o único ben de verdadeiro valor, foi expropiado polo Estado para usos militares no ano corenta e dous. Pagaron oficialmente a miserable cantidade de un millón de pesetas, pero non é iso o máis grave; o fin militar da expropiación nunca foi unha realidade.

E chegamos 'o remate dunha historia que ten o seu comezo no século pasado, cando un neno chamado Manuel Riobó ollaba a illa debuzado no muro da igrexa de Cela. Estes dous personaxes sobrabceiros da nosa parroquia que nunca tiveron unha homenaxe nin unha rúa e que para a desgracia de todos nós permanecen aínda hoxe no máis cruel dos anonimatos.

Agardo que algún día este pequeno relato que Jorge Cuadros tivo a amabilidade de achegarme sexa algún día, como el tanto desexaba, unha obra de maior corpo e densidade. Gracias Jorge por recordarnos ós veciños desta parroquia a nosa historia e por ter a inquedanza abonda para manter vivas estas dúas figuras admirables pero por desgracia descoñecidas. Esta é a miña pequqna contribución a que as xentes de Cela saiban que entre nós houbo e hai persoas anónimas que co seu esforzo e traballo e sobre todo coa súa personalidade e actitude demostran que aquí hai moi boa xente.

MANUEL ANTÓN MOSTEIRO



O MAR

O mar, o incesante manancial de auga
que traga sen saber o que é, quen é,
ou que poderá ser despois ese pozo longo
e profundo que nunca chega ó final,
onde tantos barcos, botes e ata homes
Padecen sen fin.

No fondo de mar quedan os restos,
os grandes secretos quedan enterrados
nese maldito e doce mar,
pode con todo e con moito máis.

O azul do ceo
resplandece no azulado mar,
as súas algas son flores,
as ondas levan e traen
as mensaxes que ten oculto
ese grandioso manancial de auga,
que tranquilo e que fermoso
a veces está.

Cando as súas ondas se enfadan
é tan grande o enfado
que cando miras para el, produce
angustia, pena, desconfío
e a dozura que el tiña
queda nun pequeno olvido
porque o mar,
nunca está tranquilo.

Moncha Couso Martínez